



O CONTRATO EN PRÁCTICAS

Busca facilitar a obtención de experiencia profesional acorde ao nivel de formación da persoa traballadora.

REQUISITOS DA PERSOA TRABALLADORA

Ter algunha das seguintes titulacións:

- Título universitario o de formación profesional de grao medio o superior, ou titulacións oficialmente recoñecidas como equivalentes ás anteriores.
- Certificado de profesionalidade.

Prohibicións para contratar:

- Transcorrer mais de 5 anos dende o remate dos estudos, 7 para persoas con discapacidade.
- Quen estivese contratado en prácticas pola mesma empresa ou distinta en virtude do mesmo título ou certificado de profesionalidade.
- Quen superara os 2 anos en prácticas, inda que sexa para diferente titulación ou certificado.
- Non cabe concertar un contrato de practicas en base a un certificado de profesionalidade obtido como consecuencias dun contrato anterior de formación coa mesma empresa.

CARACTERISTICAS DO CONTRATO EN PRACTICAS

Duración:

Non inferior a 6 meses nin superior a 2 anos (dentro dos límites do convenio colectivo aplicable).

Se se establece unha duración inferior á máxima, pódense facer ata 2 prórrogas, sempre que non a excedan. A prórroga non poderá ser inferior á duración mínima establecida pola lei ou convenio.

Retribución

A fixada en convenio, e non inferior ao 60% o 1º ano ou ao 70% o 2º ano de vixencia do contrato á establecida no convenio para igual ou similar posto. Nunca será inferior ao salario mínimo.

Formalización do contrato:

- Por escrito, indicando a titulación, a duración do contrato e o posto a desenvolver.
- Informar da sinatura do contrato e das prórrogas ao Servizo Publico de Emprego dentro dos 10 días seguintes. Tamén, facilitar copia aos representantes dos traballadores.
- Antes de asinar o contrato o empresario deberá solicitar certificación do Servizo Publico de Emprego onde conste o tempo que a persoa a contratar traballou baixo este tipo de contrato.

Certificado das prácticas:

Rematado o contrato a empresa entregará un certificado á persoa traballadora no que conste o tempo de contrato en prácticas, o posto e as principais tarefas desenvolvidas.

Período de proba e antigüidade:

Se ao remate do contrato a persoa continuase traballando na empresa non cabe un novo período de proba e o tempo traballado computarase como antigüidade.